

LINGUA: ACENTUACIÓN GRÁFICA

Para a realización destes exercicios, consultade o arquivo sobre as normas de acentuación.

Lembrede que estes exercicios teñen que estar escritos á man seguindo as pautas habituais na presentación de traballos:

-Corrección expresiva (adecuada acentuación, utilización correcta de signos de puntuación, corrección gramatical, sen erros ortográficos, etc.).

-Caligrafía lexible.

-Coidada presentación (marxes, limpeza, etc.)

ACENTUACIÓN

1. En que casos unha palabra aguda que remata en vogal non leva acento gráfico?

2. En que casos unha palabra aguda que remata en “s” non leva acento gráfico?

3. a) Que é un ditongo decrecente? Exemplifica con vogais.

b) Que é un ditongo crecente? Exemplifica con vogais.

c) Que é un ditongo homoxéneo? Exemplifica con vogais.

4. Que é un hiato?

5. En que casos levan acento gráfico os hiatos?

6. Explica por que non levan acento gráfico as seguintes palabras:

Cantou:	
Ademais:	
Partiu:	
Casuais:	
Min	
Facilmente:	

7. Explica por que levan acento gráfico as seguintes palabras:

Xuíza:	
Rúa:	

8. Completa a táboa (fíxate no modelo das primeiras palabras), pondo acento gráfico ás palabras que deban levalo.

	DIVIDIR EN SÍLABAS	DITONGO. TIPO	HIATO	TRITONGO
Biologo	Bió-lo-go	ió. Ditongo Crecente		
Cantaria	Can-ta-rí-a		í-a	
Xudeu				
Circunstanciais				
Azuis				
Ointe				
Viviu				
Cantariamos				
Raiña				

Dezaseis				
Gratuita				
Neboa				
Materiais				
Clausula				
Samurai				
Amou				
Cambieillelo				
Ademais				
Avion				
Engadiu				

ACENTUACIÓN DIACRÍTICA

Para a realización deste exercicio, ademais de empregar as normas xerais de acentuación que tes na aula virtual, podes consultar a teoría sobre os acentos diacríticos da páxina 209 e 231 do teu libro de texto.

Acentúa graficamente as seguintes oracións:

- 1- Teño do do que che pasou. Dame moita magoa.
- 2- Se me das unha das tuas, compre que che dea eu unha das miñas.
- 3- O curioso e que estaban esperando fora da casa e ninguén os viu ali.
- 4- Xogaba cos pantalons vellos porque lle eran mais cómodos cos outros.
- 5- Estaban Anton e mais Luisa, mais o teu curmán non o podemos avisar.
- 6- Dalle o balón unha boa patada, a ver se o das mandado fora do campo.
- 7- Dixenlles os teus avós que ía conseguirlle as entradas.
- 8- Anton está convencido de que é difícil aprendelo e aínda máis lembralo despois, máis farei un esforzo porque ven deseguida a vernos.
- 9- Nós temos que marchar axiña, xa nos avisaron na casa.
- 10- Dame a carteira que está enriba da mesa.
- 11- Aínda non é inverno e xa vai moito frío.
- 12- A miña irmá vive fora de Galicia, pero ven todos os anos pasar aquí as vacacións.
- 13- Algunhas persoas só ven a palla no ollo alleo.
- 14- Vos sempre queredes máis, mais eu xa non vos fago caso.
- 15- Fíxo un no no amallo do zapato.
- 16 – Cando me asomei a fiestra vin un esquío subido a pola do castiñeiro que hai fronte a nosa casa, mentres ao pé da árbore unhas polas peteiraban uns grans de millo.
- 17– A rapaza foi mercar unha bola de pan a panadaría; levaba moita presa e non parou a falar con ninguén.
- 18– Compre que vaías fora mirar se ven teu irmán polo camiño arriba, porque dende aquí non se ven as persoas que pasan.